



**SOLICITUDE DE PRAZA DE COMEDOR
ANPA FONTE DA REVOLTA
CEIP ANA MARÍA DÍEGUEZ
CURSO: 2021 / 2022**

DATOS DOS PAIS, NAIS OU TITORES LEGAIS:

D/Dona: _____ con DNI: _____

Conciliación da vida laboral e familiar (presenta certificación de empresa): SI NON

D/Dona: _____ con DNI: _____

Conciliación da vida laboral e familiar (presenta certificación de empresa): SI NON

Enderezo familiar: _____

Teléfono de contacto : _____ Correo electrónico : _____

Familia xa asociada á ANPA Novo/a (marcar o que proceda)

DATOS DO/S ALUMNO/S OU ALUMNA/S

APELIDOS E NOME	CURSO

INDICAR A OPCIÓN QUE SE SOLICITA

OPCIÓN 1:

(Sinalar esta opción se se precisa o comedor tódolos días da semana durante todo mes) MES COMPLETO

Indicar o número de días por semana e semanas ó mes: DÍAS POR SEMANA por SEMANAS Ó MES

OPCIÓN 2:

(Sinalar esta opción se non se precisa o comedor todos os días da semana; ou se se precisa por semanas soltas)

OUTRAS COMBINACIÓNS . Indicar o número de días por semana e semanas ó mes:

DÍAS POR SEMANA por SEMANAS Ó MES

Nome e apelidos da persoa que asina a solicitude _____

Asinado, _____

Data _____

A PERSOA QUE ASINA A SOLICITUDE DECLARA que acepta as bases da convocatoria, que cumpre os requisitos exixidos nela e que son certos todos os datos indicados na solicitude.

INFORMACIÓN XERAL:

A pesar de que na actualidade non podemos garantir os termos e condicións do servizo de comedor xestionado pola ANPA Fonte da Revolta para o vindeiro curso, xa que vai depender, entre outras, das medidas e normas que as diversas administracións dicten ao respecto, dende a ANPA e co coñecemento da dirección do CEIP Ana María Diéguez, acordamos iniciar, **con carácter provisional**, o proceso de **solicitude de praza para o servizo de comedor**. En tal sentido, seguirase o establecido no Regulamento Interno do Comedor aprobado polo Consello Escolar do centro, que entre outros, fixa o procedemento, criterios de admisión e as normas de funcionamento do mesmo

Dos contactos mantidos coa empresa concesionaria do servizo sobre as condicións e a continuidade do mesmo, avánzase a súa idea de manter estas viventes a non ser que a administración educativa dispoña de novas medidas e normas, que condicionen as características e condicións de prestación do servizo.

O prazo de entrega de solicitudes fíxase do 20 ao 30 de xuño, coincidindo co período de formalización de matrícula e dentro do horario de apertura do centro. As solicitudes e demais documentación presentaranse en sobre pechado na Secretaría do Centro, indicando no mesmo SOLICITUDE DE PRAZA EN COMEDOR e os datos do interesado/a. Poderase solicitar nese intre un xustificante de presentación.

A empresa encargada do servizo de comedor é Grupo Chicolino Restauración.

O custe do menú diario, impostos incluídos, durante o curso 2020-2021 foi de **5,00 €, para os usuarios/as fixos**. A maiores as familias tiveron que asumir unha pequena parte dos gastos derivados da contratación dun 3º monitor/ora e que supuxo un custe mensual por usuario de 2 euros / mes, xa que a maior parte dese gasto foi asumido polo Concello de Rianxo. Neste curso que remata non se facilitou o uso esporádico do servizo, nin podemos aventurar si esta opción que tiña un custe de 6,00 € / día, será factible no vindeiro curso. Pendentes de revisar o modelo de xestión, entre a Anpa e empresa encargada, estes mesmos prezos son orientativos para o vindeiro curso escolar 2021/2022. O segundo rapaz da unidade familiar desfruta dun 15% de desconto. **O número de prazas ofertadas é de 27.**

Solicitantes: alumnado matriculado no CEIP Ana María Diéguez. Deberán ser socios da ANPA Fonte da Revolta.

Entregarase **unha solicitude por familia**, consignando todos os irmáns para os que solicita praza no comedor. No caso en que se solicite praza por conciliación da vida laboral e familiar (pais que non poidan atender ós seus fillos no horario de comida), **achegarase certificación da empresa ou empresas do/s proxenitore/s indicando que á data de solicitude se está traballando, así como lugar e horario de traballo**. No suposto de que, polo axustado prazo para a presentación de solicitudes, non se poida dispoñer do certificado de empresa, poderase presentar de xeito provisional e ata a obtención do mesmo, unha declaración responsable do solicitante cos datos antes referidos.

Con data tope do venres 9 de xullo, unha vez valoradas as solicitudes e a documentación, elaborarase un listado ordenado dos/as solicitantes conforme os criterios de acceso e grupos de prioridade, que será exposto no interior do Centro (área de acceso a despachos). As familias solicitantes poderán asemade acceder a dito documento a través dun enlace que, no seu día, lles será facilitado. No caso de haber máis solicitudes que prazas ofertadas, fixarase tamén a data na que se procederá ao sorteo público das mesmas e o resto do procedemento, de acordo co establecido no Regulamento do Comedor. No suposto de poderse atender todas as solicitudes presentadas, procederase a elevar dito listado a definitivo.

A formalización de reserva da praza, realizarase nas semanas previas ao inicio do curso, unha vez resoltas as condicións e características de funcionamento do servizo derivadas da normativa e instrucións da administración educativa, circunstancias sobre as que, a Anpa, remitirá cumprida información ás familias solicitantes. Cumprimentarase un formulario que se facilitará á empresa encargada do servizo co calendario de días solicitados, as alerxias ou intolerancias alimentarias e os datos bancarios para a domiciliación dos custes do mesmo. Os admitidos que soliciten por quendas, terán que entregar o calendario de forma mensual.

Aquelas familias que queiran facer uso do servizo de comedor de forma esporádica (usuarios/as eventuais), no suposto de poderse atender esta opción, non precisan cumprimentar esta solicitude. Co inicio do curso facilitarase información sobre a súa viabilidade.

Os criterios de admisión e as normas de funcionamento do comedor escolar do CEIP Ana María Diéguez están recollidos no regulamento interno aprobado polo Consello Escolar do centro con data 12 de xuño de 2017 e posterior modificación de data 3 de xuño de 2019. Dito regulamento estará ó dispor de quen o solicite.